

*Resolución do 9 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades de debuxo (590009), alemán (590012) e organización e proxectos sistemas enerxéticos (590113).***

Por unha Resolución do 21 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en varias especialidades do corpo de profesores de ensino secundario así como nas especialidades de debuxo (590009), alemán (590012) e organización e proxectos sistemas enerxéticos (590113).

Por unha resolución do 21 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de debuxo (590009), alemán (590012) e organización e proxectos sistemas enerxéticos (590113), do corpo de profesores de ensino secundario e publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, de acordo co disposto na base sétima da convocatoria.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de profesores de ensino secundario, especialidades de debuxo (590009), alemán (590012) e organización e proxectos sistemas enerxéticos (590113).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e do baremo definitivo (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>) indicado no apartado anterior.



Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

